

S-RR.HH.
JLSM-agm

**PARA OS EFECTOS OPORTUNOS FAISE PÚBLICO QUE, CON ESTA DATA,
ESTA PRESIDENCIA DICTOU O SEGUINTE DECRETO:**

De conformidade co establecido na vixente normativa reguladora da función pública e da selección de persoal ó servizo das administracións públicas, correspóndelle á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense , no uso das atribucións conferidas polo artigo 34.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a aprobación da oferta de emprego público para o ano 2013, tralo seu debate e negociación no seo da Mesa Xeral de Negociación da Administración Provincial. A dita negociación rematou sen acordo cumpríndose en todo caso os requisitos legais de negociación previa para a súa aprobación.

Para a elaboración da Oferta de Emprego Público para o ano 2013 tivéronse en conta, dunha banda, as vacantes existentes no cadro de persoal funcionarial e laboral da Deputación, e doutra, a regulación contida na Lei 17/2012, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2013 e polos criterios establecidos no Plan de Ordenación de Recursos Humanos aprobado definitivamente polo Pleno da Deputación Provincial, mediante acordo do 12 de decembro de 2012 (en concreto no apartado 3) das súas determinacións normativas, no que se recollen os criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público do exercicio 2013. Os ditos criterios, tendo en conta que o Plan de Ordenación de Recursos Humanos adopta un criterio restrictivo, limitando a oferta a aquelas prazas que se consideren imprescindibles para o bo funcionamento da Administración provincial, son os seguintes:

1º) A oferta pública de prazas de acceso libre elaborárase consonte cos criterios que determine a Lei xeral de orzamentos do Estado vixente e, en todo caso, restrinxida a aqueles supostos que se consideren prioritarios para o funcionamento da administración provincial.



DEPUTACIÓN
OURENSE

2º) En ningún caso poderán incluírse na oferta de emprego público prazas declaradas para extinguir no presente Plan.

A oferta de emprego público cínquese estrictamente ós criterios sinalados.

Polo que se refire aos criterios que establece a normativa orzamentaria estatal en relación coas ofertas de emprego público ou outro instrumento similar de xestión na provisión de necesidades de persoal, hai que sinalar que o artigo 23 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2013, establece que ao longo do exercicio 2013 non se procederá no sector público á incorporación de novo persoal, salvo a que poida derivarse da execución de procesos selectivos correspondentes a ofertas de emprego público de exercicios anteriores ou de prazas de militares de tropa e mariñeiría profesional. A limitación alcanza a prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto básico do empregado público. A limitación anterior non será de aplicación a unha serie de sectores e administracións nos que a taxa de reposición de efectivos queda fixada ata un máximo do 10 por cento e sempre respectando as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos. No caso da Administración provincial, eses sectores onde se aplica a taxa de reposición de efectivos do 10 por cento refírese ao control e loita contra a fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e en materia de Seguridade Social, e do control da asignación eficiente dos recursos públicos, así como respecto do asesoramento xurídico e da xestión dos recursos públicos. Unha vez examinados os cadros de persoal, tanto de persoal funcionario como laboral desta Deputación Provincial, resulta que a única praza vacante que encaixa dentro deses sectores de actividades administrativas onde se aplica o 10 por cento da taxa de reposición de efectivos é a de técnico especialista de xestión orzamentaria e contable, xa que se enmarca dentro da actividade de control da asignación eficiente dos recursos públicos.

En consecuencia a oferta de emprego público ordinaria inclúe unha praza de acceso libre, limitada ao 10 por cento da taxa de reposición de efectivos (23 xubilacións durante o



DEPUTACIÓN OURENSE

exercicio 2013) e referida ao sector da Administración provincial de control da asignación eficiente dos recursos públicos. En canto ás prazas por promoción interna, neste aspecto a Lei de orzamentos xerais do Estado non inclúe restricións específicas, entendéndose que son posibles as promocións internas con amortización da praza de procedencia. Examinado o cadro de persoal, considérase que das vacantes existentes procede a convocatoria por promoción interna de dúas prazas de administrativo, co fin de posibilitar a promoción profesional dos auxiliares de administración xeral, incrementando ao mesmo tempo o nivel de eficacia e eficiencia da administración ao incrementar a cualificación dos seus efectivos sen aumentar o cadro de persoal.

No que se refire á elección dos procedementos de selección de persoal para cubri-las prazas, haberá que distinguir, por unha banda, as prazas que se cubrirán polo sistema de promoción interna vertical e, por outra banda, a praza de acceso libre para persoal de novo ingreso. Nas prazas de promoción interna vertical débense valora-los servizos prestados nos postos de traballo na Deputación Provincial e, en xeral, nas administracións públicas, sendo, en consecuencia, o sistema de selección o concurso-oposición. Polo que se refire á praza de acceso libre os procedementos de selección deberán atermos, ás normas xerais na materia, que no momento actual veñen recollidas no artigo 61 do estatuto básico do empregado público. Neste senso, o estatuto, en relación cos funcionarios de carreira, establece os sistemas selectivos de oposición ou concurso-oposición e, excepcionalmente, sempre que unha lei o autorice, o sistema de concurso que consistirá unicamente na valoración de méritos. No mesmo sentido pronúnciase a normativa concreta do ámbito da administración local, en tanto non se opoña ó previsto no estatuto básico do empregado público; como é o artigo 91.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que tampouco establece ningunha regra de prelación entre os tres sistemas legais, esixindo, en todo caso, que se garante a observancia dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade. Pola súa banda, o artigo 233.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, limítase a



reproducir, practicamente sen alteracións, o contido do antedito artigo 91.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril. Non obstante, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se estableceron as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios da administración local, establece no seu artigo 2 que o ingreso na función pública local realizarase, con carácter xeral, a través do sistema de oposición, agás que, pola natureza das prazas ou das funcións para desempeñar, sexa máis axeitada a utilización do sistema de concurso-oposición ou concurso.

A partir destes datos normativos, os criterios empregados para a determinación dos sistemas de selección nesta resolución son os seguintes:

- Praza de funcionario de acceso libre: oposición libre.
- Prazas de funcionarios de promoción interna: concurso-oposición, dada a natureza das prazas, reservadas para a promoción profesional do persoal provincial, considerándose que debe avaliarse a traxectoria profesional e a formación tanto xenérica como específica acadada polos aspirantes, tendo en conta a súa condición de funcionarios de carreira.

Á vista dos anteditos criterios, e no uso das atribucións conferidas polo ordenamento,

DISPOÑO:

1º) Aproba-la oferta de emprego público para o ano 2013, co seguinte contido:

Oferta ordinaria de emprego público 2013:

- a) **Polo que se refire á oferta de prazas, realízase tendo en conta tanto as vacantes existentes como as necesidades da administración provincial, co límite do 10 % da taxa de reposición de efectivos e vinculado a unha serie de sectores e administracións (que non se aplica ás prazas de promoción interna vertical, nas que se amortizarán as prazas de procedencia unha vez concluídos os procesos selectivos). Baseándose nos ditos criterios, inclúense as prazas seguintes:**



DEPUTACIÓN
OURENSE

1) Cadro funcionalial:

- **1 Técnico especialista de xestión orzamentaria e contable. Oposición libre.**
- **2 Administrativos de administración xeral. Promoción Interna Vertical. Concurso-oposición.**

b) Non se inclúe ningunha das prazas vacantes no cadro de funcionarios declaradas para extinguir polo Plan de Ordenación de Recursos Humanos: en concreto, trátase dun auxiliar técnico de obras e de dous axudantes de imprenta, prazas que se prevé a súa amortización na revisión da relación de postos de traballo e no orzamento para o ano 2014.

2º) Ordenar que se proceda á publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, e que se dea publicidade ó contido da oferta de emprego público aprobada mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Ourense, 15 de novembro de 2013

O PRESIDENTE,

Asdo: José Manuel Baltar Blanco